


DOCUMENTO Documento de TREWA: L-5 2017 Acta administrativa	IDENTIFICADORES a: TD05_DECLARACION, b: 80198 113046	
OTROS DATOS Código para validación: E3RMI-R2ZXF-NOPNE Fecha de emisión: 14 de septiembre de 2017 a las 9:47:59 Página 1 de 1	FIRMAS El documento ha sido firmado por : 1.- J. SECC. CONTRATACION de AYTO.CORUÑA.Firmado 07/09/2017 11:35 2.- CONCELLEIRA DE FACENDA E ADMON. de AYTO.CORUÑA.Firmado 13/09/2017 17:47	ESTADO FIRMADO



Servizo de Contratación
Ref. L-5/2017 43011102H1 430/2017/85
Acta doc. Administrativa

ACTA

Presidenta
Mª Eugenia Vieito Blanco

Vogais
Beatriz Mariño Vila
Marta García Pérez
Martín González Rodríguez (acctal.)

Secretaria
Mónica Vales Rodríguez (acctal.)

Na Biblioteca adscrita á Secretaría Xeral das Casas Consistoriais da cidade da Coruña, sendo as dez horas e cincuenta e seis minutos do día cinco de setembro de dous mil dezasete, reúnese a Mesa de contratación cos asistentes que á marxe se reseñan, para abrir e cualificar os sobres que conteñen a documentación administrativa que presentan no tempo e na forma os/as licitadores/as ao procedemento aberto con varios criterios de valoración para contratar o servizo de **limpeza do centro cívico municipal de Rosales, adscrito á concellaría de Xusticia Social e Coidados do concello da Coruña, que fomenta a estabilidade no emprego e o respecto ao medio ambiente na súa execución.**

A presidencia ordena a apertura dos sobres, e os membros da Mesa examinan os documentos presentados polas empresas licitadoras, que resultaron ser as seguintes:

- Número un-** Limpergal, S.L.
- Número dous-** Maga Limpiezas, S.L.
- Número tres-** Limpiezas San Froilán, S.L.U
- Número catro-** Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (Samyl)
- Número cinco.-** Marodri, S.L.
- Número seis.-** CLN Incorpora

Aos efectos previstos no art. 81 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, eu, a secretaria da Mesa de contratación, certifico neste acto que todas as empresas licitadoras presentan os documentos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares, agás a empresa que de seguido se desagrega:

Número cinco.- Marodri, SL, que deberá presentar unha declaración responsable onde recolla que se compromete cos requisitos específicos de admisión que consta na cláusula 17.1-Sobre A-“Documentación Administrativa” do prego regulador do procedemento.

A Mesa acorda admitir a empresa licitadora que se presentaron ao procedemento, excepto a mencionada, por achegar toda a documentación esixida, e publicar o resultado desta apertura na web municipal, perfil do contratante, de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares regulador do procedemento.

De acordo co art. 27 do RD 81/2009, a apertura dos sobres que conteñen as ofertas económicas realizaránse en acto público no lugar e hora que se anunciará oportunamente no perfil do contratante da web municipal.

E sendo as dez horas e cincuenta e oito minutos do día ut supra indicado, dáse por rematado este acto e esténdese a presente acta, de cuxo contido eu, a secretaria accidental da Mesa, dou fe.

Visto e prace

A presidenta da Mesa

Mónica Vales Rodríguez

Mª Eugenia Vieito Blanco